

**MONDARIZ****A N U N C I O**

Al no haberse presentado reclamaciones durante el plazo de exposición al público, queda elevado a definitivo el Acuerdo Plenario Provisional del concello de Mondariz de 24 de enero de 2011 de modificación de la Ordenanza fiscal reguladora de la tasa por la prestación del Servicio Municipal de ayuda en el hogar, cuyo texto íntegro se hace público, en cumplimiento del artículo 17.4 del Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de Haciendas Locales

**ARTIGO 4 CUOTA TRIBUTARIA.**

A cota tributaria do servizo será de 10 euros/ hora.

En todo caso, estarase a seguinte taboa.

Cantidade a pagar ó mes 90 horas	Ingresos en relación ó IPREM	DESDE	ATA	COPAGO	SAD. RESPIRO	70 horas 55 horas		
						G.D.3.2	G.D.3.1	G.D.2.2
Entre o 100% e 150%	532,51	796,13	10%	10%	10%	10%	10%	
Entre o 150% e o 200%	796,13	1059,75	12%	12%	12%	12%	12%	
Entre o 200% e o 250%	1059,75	1323,37	15%	15%	15%	15%	15%	
Entre o 250% e o 300%	1323,37	1586,99	20%	20%	20%	20%	20%	
Entre o 300% e o 350%	1586,99	1850,61	28%	28%	28%	28%	28%	
Entre o 350% e o 400%	1850,61	2114,23	37%	37%	37%	37%	37%	
Entre o 400% e o 450%	2114,23	2377,85	45%	45%	45%	45%	45%	
Entre o 450% e o 500%	2377,85	2641,47	60%	60%	60%	60%	60%	
+500%	2641,47	65%	65%	65%	65%	65%	65%	

Contra el presente acuerdo, conforme al artículo 19 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de Haciendas Locales, se podrá interponer por los interesados recurso contencioso-administrativo, en el plazo de dos meses contados a partir del día siguiente al de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia.

En Mondariz a 12 de abril de 2011.—Alcalde, Julio Alén Montes.

2011003902

\* \* \*

**MORAÑA**

**BASES PARA A CONTRATACION LABORAL DE 1 PRAZA DE PERSOAL LABORAL  
EVENTUAL, ANO 2011.**

1ª.—O obxecto destas bases é a contratación laboral eventual de 1 praza de peón para mantemento e vixiancia da piscina, incluída no cadro de persoal laboral eventual de 2011, polo período do 15-06-2011 ao 14-09-2011.

A oferta desta contratación laboral eventual, está baseada nos artigos 12 e 15 do Estatuto dos Traballadores, Lei 12/2001, do 9 de xullo (BOE 10-07-2001) e Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, e o tempo de contratación é de tres meses (do 15 de xuño ó 14 de setembro de 2011).

As retribucións serán as establecidas no convenio colectivo de aplicación de construción da provincia de Pontevedra.

2ª.—As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:



- a) Ter cumpridos os 18 anos de idade.
- b) Estar en posesión ou en condición de obter o certificado de escolaridade.
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

3ª.—Os interesados presentarán as solicitudes dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente, no Rexistro Xeral deste Concello, en horario de 9 a 14 horas, no prazo de OITO DIAS NATURAIS, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no boletín oficial da provincia.

A solicitude deberá vir acompañada da documentación que acredite as condicións mínimas esixidas nesta convocatoria e dos méritos alegados polo aspirante.

4ª.—Na selección valoraranse os seguintes méritos:

1.—Servicios prestados en postos similares, ata a data do anuncio desta convocatoria no boletín oficial da provincia, asignándolle unha puntuación de 0,30 puntos por mes traballado, ata un máximo de 5 puntos.

2.—Cargas familiares, 0,5 puntos por membro da unidade familiar, máximo 2 puntos

- a) Declaración da renda da unidade familiar.
- b) Certificación dos membros que compoñen a unidade familiar.

3.—Por antigüidade de inscrición na oficina de emprego, 0,1 puntos por mes, máximo 1,2 puntos.

4.—A condición de minusvalía que non afecte ó desempeño do posto de traballo, ata un máximo de 2 puntos.

5ª.—A Comisión seleccionadora estará integrada polos seguintes membros:

**PRESIDENTE:** Dona Rosario Dalama Rodríguez, Arquitecta Municipal

**VOCAIS:** D. Vicente Silva Conles, Administrativo-Tesoureiro e Don Gumersindo Calvo Rey, Auxiliar Administrativo.

**SECRETARIO:** D. José Ramón Pose Barrigón, Secretario do Concello, ou funcionario en quen delegue.

6ª.—Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reunan as condicións esixidas a comisión formulará a correspondente proposta de designación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación.

No suposto de empate realizarase un sorteo público para determinar a orde de selección.

Efectuándose o nomeamento polo Sr. Alcalde-Presidente e asinándose o correspondente contrato laboral.

7ª.—Para o non previsto nestas bases, rexirán como supletorios a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, a Lei 7/85, de 2 de abril; Real Decreto 781/86, de 18 de abril e demais disposicións concordantes.

Moraña, 13 de abril de 2011.—O Alcalde, José A. Eiras Paz.

2011003887

\* \* \*